



O PROXECTO eHOSPITAL RECIBE UN PREMIO EN AUSTRIA POLO SEU POTENCIAL INNOVADOR NA EDUCACIÓN PARA ADULTAS

- **O CESGA e a Universidade de Santiago participaron neste proxecto europeo que presentou as súas conclusións no pasado mes de setembro**

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2008.- O proxecto europeo eHospital, no que participaron o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o grupo de investigación en Tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela, acaba de ser galardoado co mais prestixioso premio á educación de adultos que concede o Ministerio de Educación, Ciencia e Cultura de Austria. eHospital foi considerado como a iniciativa con maior potencial innovador para a educación de adultos de entre 66 propostas presentadas ao galardón, e que foron avaliadas por un xurado de expertos e sometidos a votación pública. O premio foi concedido pola ministra austríaca de Educación, Dña. Claudia Schmied nunha cerimonia á que asistiu o coordinador do proxecto, D. Holger Bienzle, a pasada semana.

O proxecto ten por obxecto ofrecer formación continua mediante e-learning a doentes adultos hospitalizados durante períodos longos de tempo. Participaron no traballo oito institucións de seis países europeos, coa coordinación da institución austríaca Die Berater. O CESGA e a Universidade de Santiago foron os únicos representantes do estado español. Ademais, colaborou o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, lugar no que se levaron a cabo as experiencias formativas.

Difusión dos resultados

As conclusións do proxecto eHospital foron presentados o pasado día 19 de setembro na Conferencia Final eHospital, na cidade austríaca de Krems, na que se debateron os resultados e as potencialidades deste tipo de formación en hospitais. Ademais, as conclusións do traballo deron lugar a dúas publicacións. A primeira delas é unha edición resumida que leva por título “E-learning para doentes adultos hospitalizados. Experiencias-Retos-Recomendacións”, de 52 páxinas e dispoñible en cinco idiomas. A segunda publicación, titulada “E-Hospital: Experiencias con actividades de e-learning para pacientes”, ten 152 páxinas e está dispoñible en inglés e, en breve, editarase en español. Todas estas versións poden consultarse e descargarse na páxina web do proxecto www.ehospital-project.net. Se desexa recibir unha copia impresa da versión reducida, póngase en contacto connosco no 981-5698-10 ou en e-learning@cesga.es.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA